



SESION ORDINARIA DE 31 DE XANEIRO DE 2023

(Acta número 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
 D^a. M^a. del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Roberto Fernández Rico
 D. Xosé M^a. Arias Fernández
 D. José Luis Raposo Magdalena
 D^a. Mónica Freire Rancaño
 D. Efrén Castro Caloto
 D. Javier Jorge Castiñeira
 D. Roberto García Pernas
 D. Pablo Taboada Camoira
 D. José Jesús Novo Martínez
 D^a. María Loureiro García
 D. Oscar Poy Franco
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a. Ana M^a. González Abelleira
 D. José Manuel Gómez Puente
 D. José Fernández Vázquez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os/as señores/as deputados/as dona Dolores Castro Ochoa e don Xosé María Teixido Núñez.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	1/23



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e dous e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA


2.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA QUE AS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS FAGAN FRONTE ÓS DANOS OCASIONADOS POLOS TEMPORAIS.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia unha liña de axudas para que as Administracións Locais fagan fronte ós danos ocasionados polos temporais.

O intenso temporal de choiva, vento e neve que se rexistrou en Galicia a mediados do mes de xaneiro tivo unha pegada especialmente importante na provincia de Lugo. As imaxes recollidas polos medios de comunicación deixaron boa conta dos efectos das borrascas Gerard e Fien en toda a xeografía da provincia, con incidencia especialmente forte en concellos como Lugo, Begonte, Viveiro, Cospito, Vicedo ou Pedrafita, por citar só algúns.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	2/23





O desbordamento de ríos como o Miño, o Cobo ou o Sor Baixo teñen asolagado amplas zonas do territorio, danando tamén con inundacións de ata metro e medio de auga vivendas particulares, comercios ou edificios públicos. Incidencias como accidentes na vía pública, cortes temporais de estradas ou supresión das clases e o transporte escolar súmanse a uns danos económicos que non poderán ser avaliados ata que remate a vaga de mal tempo.


Cumpre lembrar que en zonas como O Courel, a erosión das choivas torrenciais é aínda máis grave ó actuar sobre unha zona afectada polos efectos dos lumes do verán, que ó eliminar a capa de vexetación, acentúan a capacidade de erosión do chan, empobrecendo aínda máis uns solos moi castigados.

Como ocorre sempre neste tipo de situacións, as administracións locais son a primeira instancia de resposta, as que están máis preto dos cidadáns e as que teñen que facer un esforzo de resposta rápida para tentar minimizar os efectos do temporal e recuperar a normalidade. Dende a Deputación, puxéronse en marcha de inmediato todos os medios da institución para desenvolver un dispositivo de cooperación cos concellos que permitise manter aberta a ampla rede de estradas da provincia, minimizando o tempo dos cortes derivados das distintas incidencias.

Pero ante a gravidade dos danos, cumpre que a administración autonómica estableza mecanismos de axuda para facer fronte ós danos económicos derivados dos temporais, para que esta carga non teña que ser asumida en solitario polas facendas locais. Nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe aemerxencia de interese galego e se habiliten as axudas ós concellos e zonas máis afectadas que contempla o artigo 36.3 da citada Lei.

Esa mesma Lei de Emerxencias, no artigo 38, sinala que a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais prestarán axuda ós concellos tanto para facer fronte ás emerxencias como nas tarefas de recuperación da normalidade. A Deputación de Lugo xa o ven facendo, cumprindo ca súa razón de ser, mesmo sen que a Xunta, que ten a competencia de facelo, teña declarado a emerxencia de interese galego

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	3/23



Por iso, dende a Deputación de Lugo reclamamos ó goberno da Xunta de Galicia que declare a emerxencia de interese galego e poña en marcha unha liña de axudas extraordinarias para que as administracións locais podan facer fronte ós danos das borrascas Gerard e Fine. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que de acordo co estipulado no artigo 36 da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia, declare como emerxencia de interese galego os danos rexistrados na Comunidade Autónoma polo efecto dos temporais de xaneiro.
- Que habilite unha liña de axudas económicas para os concellos afectados polas diferentes borrascas. Unhas axudas fixadas con criterios obxectivos, en función dos danos rexistrados e do impacto do temporal en cada municipio ou comarca.
- Que inclúa axudas específicas para a Deputación de Lugo, que atendan ó seu carácter de administración local, para axudar a cubrir o custo dos traballos realizados durante o temporal”.

Ante esta proposta por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase a emenda de substitución que textualmente di o seguinte:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír a proposta de acordo formulada de xeito que quede da seguinte forma:

“O Pleno da corporación provincial insta á Xunta de Galicia, ao equipo de goberno da Deputación Provincial de Lugo e ao Goberno central a actuar de xeito coordinado e eficiente para, entre todos, paliar os danos ocasionados polo temporal”.

A emenda presentada é rexeitada polos Grupos propñentes da proposta.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Página	4/23





Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=2>

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA QUE GARANTA AS AXUDAS PARA A TOTALIDADE DAS EXPLOTACIÓNS ECOLÓXICAS DA PROVINCIA DE LUGO.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que garanta as axudas para a totalidade das explotacións ecolóxicas da provincia de Lugo.

Dende finais do ano 2022, sindicatos labregos e asociacións de produtores ecolóxicos viñeron advertindo da escaseza dos fondos asinados pola consellería de Medio Rural para facer efectivas as axudas ó sector. Unha situación que desgraciadamente revelouose certa, e ten deixado sen axudas ó 54% dos solicitantes das mesmas, un total de 318 agricultores/as e gandeiros/as, a metade deles na provincia de Lugo, así como o 43% das hectáreas solicitantes, podendo supoñer isto o abandono das producións ecolóxicas.

As e os produtores ecolóxicos tiñan sinalado xa en novembro do ano pasado, que serían precisos arredor de 5,6M€ para cubrir a totalidade das axudas, cando a Xunta só tiña prevista unha partida de 3,1M€, e reclamaron solucións á consellería de Medio Rural. De xeito sorprendente, a Consellería respondeu culpando da situación ós produtores/as, polo feito de que se terían incrementado as hectáreas rexistradas neste réxime, que terían pasado das 7.400 no ano 2021 a 12.400 no 2022. Cumpre lembrar que o obxectivo da UE para o ano 2030 é que o 25% da agricultura comunitaria sexa ecolóxica, polo que a boa resposta dos produtores galegos debería de ser un motivo de satisfacción para a Xunta, e non un problema.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	5/23



A falla de previsión, a incapacidade de xestión e a nula aposta da Consellería de Medio Rural pola produción ecolóxica quedou de novo de manifesto o pasado 16 de xaneiro, na reunión do Consello Agrario Galego. Lonxe de aportar solucións para que os produtores ecolóxicos excluídos das axudas do 2022 poidan percibilas, a Xunta só se comprometeu a estudar propostas de cara a garantir máis fondos no período 2023-2027, deixando sen axudas ós produtores prexudicados na última convocatoria.

Na súa intervención, o conselleiro de Medio Rural, José González, veu recoñecer que non tiña o dato actualizado de cantas hectáreas de terreo estaban declaradas en ecolóxico. A proposta da Xunta de subir as axudas no ano 2023 ata os 3.8M€ segue a ser insuficiente e queda moi por debaixo das cifras apuntadas polos produtores, polo que de non revisarse, pode anovar o problema ó longo deste ano 2023 e actuar como un freo no desenvolvemento da agricultura ecolóxica na provincia de Lugo e en Galicia

O Grupo Socialista da Deputación de Lugo ten un firme compromiso ca defensa do sector primario da provincia. Un sector que aporta riqueza ó PIB, xera emprego e axuda a fixar poboación no rural, especialmente entre os sectores máis novos. A aposta pola agricultura ecolóxica é non só unha aposta firme da UE, senón un dos eixos que garanten a modernización e pervivencia do sector. Prexudicar á agricultura ecolóxica equivale a comprometer o futuro da nosa provincia. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.
- Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.
- Instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.”

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	6/23





O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PARA O 12 DE FEBREIRO POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALIZA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio á manifestación convocada para o 12 de febreiro pola Plataforam SOS Sanidade Pública de Galicia.

Exposición de Motivos:

A Consellería de Sanidade, segue a súa folla de ruta recortando e desmantelando a Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer ao negocio da sanidade privada sen ter en conta aos doentes e aos profesionais sanitarios. Unha vez máis, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar os servizos sanitarios, precarizando os seus recursos e poñendo en risco a saúde das persoas.

As sobrecargas das axendas médicas con ata 83 doentes diarios por facultativo, derivadas da carencia de persoal médico, administrativo e de enfermería que está a padecer a Atención Primaria, con cadros de persoal ao 50%, sen pediatras para os coidados da poboación infantil, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	7/23



para conseguir cita, o peche de consultas, centros e PACs, , son o exemplo unha vez máis da perda asistencial que provoca a falta de previsión na cobertura de permisos de vacacións, baixas e xubilacións.

Todo isto é un reflexo da gravidade da situación da Atención Sanitaria, en risco real de desmantelamento e privatización, e a necesidade de tomar medidas con urxencia.

É fundamental frear o deterioro e mellorar a sanidade, do contrario só teremos doentes de primeira e de segunda.

Por outra banda a Consellería de Sanidade non pode seguir escudándose na falta de facultativos, cando acaba de recoñecer que das 725 prazas MIR só convocou 620, tendo en conta que dende o 2009 só na especialidade de Medicina Familiar non se convocaron máis de 180 prazas. Isto é un claro exemplo no que a Consellería de Sanidade está menosprezando o escaso autogoberno ao non exercer a súa responsabilidade cunha competencia transferida como é a sanidade.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:


1.- Trasladar á plataforma SOS Sanidade Pública o apoio do Pleno á manifestación nacional convocada para o día 12 de febreiro na defensa e mellora da Sanidade Pública Galega.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que adopte as seguintes medidas encamiñadas a darlle solución á situación denunciada:

a) Paralizar o desmantelamento da Atención Primaria que provoca o colapso das urxencias dos hospitais e o incremento exponencial das listaxes de agarda.

b) Fixar uns cadros de persoal que cubran as necesidades para unha Atención Sanitaria de Calidade, recuperando os postos de traballo recortados xunto coa convocatoria de novas prazas de

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	8/23





tódalas categorías de persoal nos Centros de Saúde e PACs.

c) Incrementar o orzamento da atención primaria até o 25% do total.

d) Utilizar na súa totalidade os servizos hospitalarios para acabar coas listaxes de agarda acumuladas.

e) Elaborar un novo modelo de saúde comunitario que emane das conclusións do Consello técnico de Atención Primaria de Galiza e que conteña a colaboración das administracións locais”.

Neste momento auséntase da sesión o señor deputado D. Oscar Poy Franco.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que o señor Deputado D. Oscar Poy Franco ausentouse da sesión, o que equivale a efectos de votación a unha abstención segundo dispón o artigo 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor: 13 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 8 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 2 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular don Pablo Taboada Camoira, presente no Salón de Plenos, e ó señor deputado D. Oscar Poy Franco que se encontra ausente na votación). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DUNHA MELLORA SIGNIFICATIVA E URXENTE DAS ESTRADAS E AUTOVÍAS QUE VERTEBRAN A PROVINCIA DE LUGO.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	9/23



Por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de mocións de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números cinco e sete da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda dunha mellora significativa e urxente das estradas e autovías que vertebran a provincia de Lugo..

Exposición de Motivos:


Nos últimos meses vimos asistindo a lamentables acontecementos nas estradas que vertebran a provincia de Lugo e a o escaso interese amosado polo goberno do estado e pola Xunta nos seus orzamentos neste ano 2023 para poñerlles solución.

Practicamente todas as semanas vemos nos medios de comunicación incidencias máis ou menos graves, que poñen de manifesto deficiencias de mantemento ou de planificación das vías. Situación que repercute seriamente no que facer diario da veciñanza e do tecido socioeconómico da nosa provincia.

Transitar na actualidade polas obsoletas, deterioradas ou problemáticas estradas estatais (N-540, N-634, N-642, N-640, N-VI, N-120, N-547, A-6, A-8) incrementa o perigo de accidentes.

Todo isto tráenos á memoria a dilatada historia que hai tras das “Autovías e Vías de Alta Capacidade” que teñen a ver coa provincia de Lugo (A-74/Autovía da Mariña, A-56/Lugo-Ourense, A-54/Lugo-Santiago, A-76/Ponferrada-Ourense, A-72/Monforte-Chantada, A-8/Autovía do Cantábrico, Autovía AG-64/Ferrol-Vilalba, CG-2.1/Monforte-Lalín, Autovía AG-22/Lugo-Monforte, VAC/VAP Costa Norte – CG-2.3/San Sadurniño-San Cibrao), xa que dende que se

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Página	10/23





inician os seus proxectos e tramitacións ata que se poñen en servizo non soen pasar menos de 20 anos, a pesar dos diferentes gobernos do PP e do PSOE que se deron no Estado ou na Xunta.

Novamente vimos de comprobar como nos orzamentos do Estado e da Xunta para este ano 2023 as vías de comunicación vertebradoras da provincia aparecen con partidas simbólicas, o que indican o escaso interese que se lles vai seguir prestando. Confirmándose e incrementándose novamente os atrasos que xa viñan acumulando e poñendo de manifesto a escasa conservación á que se someterán as que están en funcionamento. O que ven a xerar novas incertezas sobre o futuro da mobilidade na Galiza interior e na Mariña.

Diante deste panorama aínda temos que seguir a escoitar a cargos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que para mellorar as estradas non hai máis solución que cobrar polo seu uso. O que non faría máis que incrementar os agravios comparativos de Galiza co resto do estado, por non haber sistemas de mobilidade alternativos, nin estatais, nin galegos, como se acaba de comprobar en A Mariña e en Pedrafita.


Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, dos seguintes acordos:

1.- Reclamar ao goberno do Estado que se priorice a A-74/Autovía da Mariña e a A-56/Lugo-Ourense, cunha dotación económica suficiente nos orzamentos do Estado como para retomar dende xa a súa execución e propiciando que se poidan acurtar os prazos das obras.

2.- Reclamar á Xunta de Galiza que se priorice a VAC/VAP Costa Norte – CG-2.3/San Sadurniño-San Cibrao cunha dotación económica suficiente nos orzamentos da Xunta como para retomar dende xa a súa execución e propiciando que se poidan acurtar os prazos das obras; sobor de todo nos tramos de A Mariña.

3.- Reclamar ao goberno do Estado que se realicen e executen de urxencia uns proxectos de reparación integral do firme das estradas N-540 e N-120 para dar solución definitiva ao problema que se agrava todos os anos coa chegada do mal tempo.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	11/23



4.- Solicitar aos gobernos da Xunta e do Estado que actúen con dilixencia na conservación das estradas da súa titularidade na provincia de Lugo, evitando o seu deterioro e as molestias ocasionadas á veciñanza de amplas zonas da provincia nos seus necesarios desprazamentos.

5.- Demandar ao Goberno do Estado que á maior brevidade posible execute as obras necesarias para reabrir ao tránsito rodado o tramo derrubado na N-642 en A Mariña, en condicións de seguridade e normalidade; garantindo de ser necesario unha adecuada comunicación alternativa entre os Concellos da Comarca.

Neste momento incorpórase á sesión o señor deputado D. Oscar Poy Franco.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN DEFENSA DOS SECTORES GANDEIRO E MARÍTIMO-PESQUEIRO.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro.

Exposición de Motivos:

A provincia de Lugo ten na gandería e na pesca, no sector primario, en síntese, dous dos seus principais resortes económicos que sofren as consecuencias do desorbitado incremento de prezos, agravado tras a invasión rusa de Ucraína e, en especial, de certos bens fundamentais, como

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Página	12/23





é o caso dos alimentos. O Goberno de España decidiu comezar o 2023 cunha redución do Imposto ao Valor Engadido (en adiante, IVE), que chegou con retraso e resultou, desde un primeiro momento, unha medida totalmente discriminatoria co sector primario. Neste contexto, o Goberno de Pedro Sánchez poñía en marcha esta rebaixa tributaria o pasado 1 de xaneiro, coa pretensión de mantela activa ata o vindeiro 30 de xuño de 2023. A devandita rebaixa aplicouse, desde o momento da súa posta en práctica, segundo a propia definición da iniciativa, aos “produtos alimentarios básicos”, excluindo, entre eles deste xeito, a produtos de primeira necesidade como son a carne e o peixe.

Neste sentido, é evidente a necesidade, dadas as circunstancias actuais e a inflación rexistrada en España, de aliviar a situación das familias, especialmente daquelas con baixos ingresos; non obstante, débese avogar por unha redución inclusiva de todos aqueles alimentos que, non só sexan considerados de primeira necesidade, senón que, ademais, contribúan á alimentación equilibrada da nosa cidadanía, como é o caso da carne, do pescado e das súas conservas.


A estes efectos, defendemos que estes produtos básicos se consideren –tamén por parte do Goberno central– como de feito son, alimentos de primeira necesidade, e que acaden o IVE máis baixo, tal e como xa esixiu desde a Xunta de Galicia noutras ocasións e apoian as instancias europeas.

Dende a provincia de Lugo é totalmente inaceptable que, como ocorreu coas desafortunadas declaracións do ministro Garzón, se continúe discriminando sen parangón ao sector gandeiro por parte do Goberno de España, sobre todo en consideración da aposta deste tipo de produción alimentaria de calidade.

É, tamén, totalmente inaceptable a marxinación dos produtos pesqueiros a efectos da rebaixa do IVE, no que constitúe un golpe máis a un sector que nos últimos anos viuse severamente prexudicado por disposicións de ámbito europeo.

Ademais a redución ou eliminación deste imposto aumentaría o consumo dos produtos do mar e do agro cos conseguintes beneficios, tanto para a saúde dos consumidores como para a economía do sector. E, precisamente, desde antes da alerta sanitaria pola covid-19, o Parlamento de

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	13/23



Galicia aprobou en distintas ocasións iniciativas que foron remitidas ao Goberno central e nas que se solicitaba a rebaixa deste imposto do 10% ao 4% para igualalo ao que aplican outros países da Unión Europea, que deste xeito incentivan o consumo dos produtos do mar e apoian a un sector tan estratéxico.

Neste respecto, o GPPP considera que desde a Deputación de Lugo temos que seguir defendendo o papel esencial do sector marítimo-pesqueiro e mailo sector gandeiro para a economía da nosa provincia. Ao mesmo tempo estamos de acordo coa rebaixa do IVE aos alimentos, que formaba parte das medidas propostas polos populares para frear a elevada inflación, pero lamentamos que o decreto anticrise aprobado polo Goberno central, continúe excluindo a carne, o peixe e as súas conservas, requirindo polo tanto a necesaria rectificación e que se complete neste sentido.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a:


Reclamar do Goberno de España que se aplique a rebaixa tributaria dos alimentos básicos e que se consideren produtos de primeira necesidade á carne e ao pescado -e ás súas conservas-, co fin último de estimular a demanda interna e mellorar as previsións de crecemento da economía de ámbolos dous sectores, evitando o prexuízo derivado da iniciativa recentemente aprobada polo Goberno de España”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 13 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=6>

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	14/23





7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A IMPRESCINDIBLE APOSTA POLAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á imprescindible aposta polas infraestruturas viarias da provincia.


Exposición de Motivos:

Na noite do 20 de xaneiro de 2023 o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ordenou o peche á circulación, con carácter de urxencia, da estrada N-642, a principal infraestrutura viaria que vertebra os concellos do litoral da Mariña lucense. A razón, un alarmante socavón no firme, vinculado a unha gran acumulación de auga, nun punto contiguo á altura da praia da Areoura, no treito comprendido entre as localidades de Cangas de Foz e Burela.

Corresponde agora á administración titular desta vía, o Ministerio de Transportes, traballar con urxencia na rehabilitación integral do treito afundido da estrada N-642, achegando as solucións técnicas e os investimentos necesarios para que poida recuperarse a normalidade nesta vía, en condicións de seguridade e vialidade e nun tempo prudencialmente curto. Para iso sería imprescindible facer público, canto antes, o cronograma previsto para estas actuacións.

De xeito paralelo, é preciso que se actúe con dilixencia na apertura total ao tráfico desta vía para mitigar o impacto económico e social que supón o corte parcial desta estrada. Cómpre lembrar que a N-642 serve de acceso ao Hospital Público da Mariña lucense e a un dos portos pesqueiros e

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	15/23



comerciais máis importantes do Cantábrico como é o de Burela, ademais de ser un nó de conexión para o transporte público da zona e para a conexión dos concellos do litoral desta bisbarra lucense.


Nun primeiro momento habilitouse un itinerario alternativo á estrada cortada que obrigaba a dar un rodeo de arredor de 68 quilómetros ao que había que engadirlle un tempo de percorrido de máis dunha hora, co consecuente impacto a nivel económico e social. Gran parte dese percorrido facíase a través dunha estrada de titularidade provincial, a LU-P 1502 “ Burela – Vilaestrofe – Ferreira” que, segundo se denuncia, é moi estreita e nalgúns tramos está moi deteriorada. Xa o pasado domingo autorizouse o paso ao tráfico polo un carril de circulación contiguo á zona do socavón, que evita a alternativa empregada con anterioridade, pero que tamén provoca importantes retencións e obriga a circular por ese espazo con especial precaución.

O incidente descrito é a enésima manifestación do mal estado no que se atopan as vías nacionais na provincia e, ao mesmo tempo, a incapacidade das vías que dependen da Deputación para servir como alternativa cando se produce un problema así. Non é casualidade que Lugo sexa noticia polos desastres viarios ou porque as estradas nacionais e provinciais estean a sufrir a súa peor época; non é unha cuestión de mala racha, é debido á mala xestión, á falta de mantemento e de investimentos nas estradas e autovías na provincia de Lugo.

Son necesarios e urxentes investimentos reais e o inicio inmediato dos tramos da autovía da Mariña e do resto das prometidas polo PSOE e BNG no pacto de investidura, das que nada se sabe. A finais do ano 2020, o PP defendeu unha moción nesta Deputación neste sentido e nada se fixo nestes dous anos. Levamos dous anos preocupados polo mal mantemento das estradas nacionais da provincia.

Tampouco debemos esquecer que esta incidencia coincide no tempo co clamor crecente de usuarios, transportistas e representantes públicos que alertan da alarmante falta de conservación nas capas de rodaxe das estradas de titularidade estatal, cando a prioridade debера ser precisamente a contraria: actuar a tempo é aforrar no futuro. Neste sentido urxe que o Ministerio de Transportes -a imaxe do que fai a Xunta de Galicia- desenvolva un plan de conservación anual, cíclico e periódico nas estradas nacionais que -como vemos na Mariña- son eixes fundamentais estruturantes para a mobilidade dos galegos.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	16/23





Estamos a vivir un profundo e ilimitado estado de provisionalidade no que respecta á mobilidade no ámbito das competencias nacionais. Ao corte da A-6, pola caída do viaduto do Castro, en Pedrafita, únense os insuficientes e perigosos bacheos da A-8 e da A-6; o mal estado de nacionais como a N-120 ou a parálise nos investimentos nas autovías, que se viron reflectidos nestes últimos orzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a:

a) Que dedique os investimentos necesarios, coa frecuencia precisa, para o mantemento da rede viaria provincial en Lugo; especialmente naqueles espazos nos que se acumulan denuncias polo mal estado do firme.


b) Reclamar ao goberno de España as seguintes medidas:

1º.- Ofrezca prazos e datas concretas para acometer as obras de restauración e rehabilitación integral da estrada N-642, vía vertebral para a comunicación dos municipios do litoral da Mariña lucense, e concrete os investimentos e o cronograma previsto para garantir a apertura desta estrada ao tráfico xeral en condicións de normalidade, vialidade e seguridade.

2º.- Acometa, de xeito inmediato e sen máis dilación, a execución da autovías pendentes na provincia de Lugo, tanto as que actualmente están en obras, como é o caso da Lugo-Santiago, como todas as demais que están previstas, como son a Autovía da Mariña (A-74) e a autovía A-56 Lugo-Ourense, así como a execución das obras necesarias na autovía A-6 tanto para a construción do viaduto do Castro como a renovación do moi deteriorado pavimento.

3º.- Desenvolva un plan de conservación anual, cíclico e periódico, para o conxunto das estradas da súa competencia, e así evitar situacións de abandono e deterioro como as que se

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	17/23



denuncian, por evidente falta de mantemento, en estradas de titularidade estatal, como a N-642 ou a N-120”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase a seguinte emenda de engádegas:

“Engadir á redacción orixinal o punto seguinte:

“Instar á Xunta de Galicia a dotar os seus orzamentos para executar con carácter inmediato os principais proxectos de infraestruturas viarias vertebradores da provincia de Lugo do seu ámbito competencial, entre os que se atopan a VAP da Mariña, a Rolda Leste en Lugo ou a Autovía Nadela-Sarria-Monforte entre outras”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 10 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada).

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=7>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

8.- CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á SUBSTITUCIÓN/MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL.

Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..*Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita*

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	18/23





modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 30/12/2022 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, do que se achega certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=8>

9.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de decembro de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4678 ao 5191. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=9>

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=10>

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	19/23



11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do señor Presidente maniféstase que hai un Rogo e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ás prazas existentes no aparcadoiro do recinto do Antigo Fogar de Santa María, que textualmente di o seguinte:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O complexo do Antigo Fogar de Santa María da capital lucense está cedido na súa maior parte polo Concello de Lugo á Deputación. Hai case un ano, o 11 de febreiro de 2022, segundo se recolleu nos medios de comunicación, o BNG da Deputación e do Concello de Lugo anunciaron a apertura ao público do parking do Centro de Artesanía e Deseño (CENTRAD), con 40 prazas, de luns a venres a partir das 15:30 h., os fines de semana e festivos.

A alcaldesa do Concello de Lugo, Lara Méndez, respecto ao anuncio dos seus socios de goberno, insistiu en que era un asunto que atinxía á Deputación e que si xa estaba anunciado era un feito consumado. Pero nada máis lonxe da realidade, xa que, por orde do presidente da Deputación, o recinto pechou inesperadamente un día despois de, teoricamente, converterse en público, o sábado 12 de febreiro de 2022, á vez que dende a sede do goberno provincial aclaraban que estaba previsto que se celebrara unha comisión de seguemento Deputación-Concello, precisamente para abordar a cesión do aparcamento do CENTRAD e decidir si outorgarlle o non un uso público.

Logo de ser pechado por orde do Presidente da entidade provincial e de celebrarse dúas reunións de dita comisión, José Tomé (9 de marzo de 2022) anunciou a licitación para a contratación en breve da reforma e acondicionamento dos espazos que rodean o antigo Fogar de

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJJOXIEPT4A	Página	20/23





Santa María para crear 165 prazas de aparcamento e poñelas gratis á disposición dos cidadáns, fóra do horario de funcionamento dos servizos que a Administración provincial ten nese complexo.

Transcorreron 4 meses ata que o presidente aprobou, o 28 de xullo de 2022, as determinacións contidas nas actas das sesións celebradas da antedita comisión. A primeira delas, do 22 de febreiro do 2022, relativa ao “ Estudio e Conveniencia da cesión de uso do aparcadoiro sito no CENTRAD a favor do Concello de Lugo cunha finalidade de uso público”; a segunda, do 8 de marzo de 2022, relativa ao “Estudio e Conveniencia da cesión do inmoible e espazos circundantes do complexo do Fogar de Santa María”. O 1 de agosto de 2022 deu a orde de inicio do procedemento de contratación.


Pese aos múltiples anuncios, o certo é que case un ano despois, logo de declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, o aparcadoiro está pechado ao público e os veciños continúan sen poder utilizalo, contrariamente ao anunciado polos representantes dos equipos de goberno bipartitos do Concello de Lugo e da Deputación.

O goberno provincial aínda non precisou se elevará a contía económica da licitación ou se realizará modificacións no pregos de condicións para intentar unha nova adxudicación do acondicionamento do terreo.

Así as cousas, a realidade é que falta de estacionamento está lastrando as vendas do comercio do casco histórico e desincentivando o uso residencial do recinto amurallado e do seu entorno. É un clamor popular a necesidade de dotar á cidade de prazas públicas de aparcadoiro, máxime tras a creación do carril bici e a súa moi cara factura en canto á supresión de centos de prazas para aparcas.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno provincial que adopte, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para, de xeito temporal, poñer gratuitamente a disposición dos cidadáns ás tardes, os fines de semana e os días festivos as prazas existentes no aparcadoiro do recinto do Antigo Fogar de Santa María en tanto non se realicen as obras proxectadas no mesmo para a súa apertura definitiva ao público”.

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	21/23



PREGUNTA

Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ó horario do persoal dos Museos, que di o seguinte:

Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

A Presidencia por resolución de data 20/06/2022 aprobou autorizar que nos Museos provinciais (Museo de Lugo, Museo Pazo de Tor, Museo San Paio de Narla e Museo do Mar) o persoal empregado en postos de atención aos usuarios realizara novos horarios de martes a domingo, propostos pola Vicepresidencia e Área de Cultura, patrimonio Histórico e Normalización Lingüística.

Este grupo, coñecedor das críticas que os novos horarios suscitaban por parte do persoal empregado nos Museos Provinciais, formulou no Pleno celebrado no mes de xuño unha pregunta ao respecto; pregunta á que deu resposta a voceira do grupo provincial socialista, como xa é costume, con evasivas.


O descontento dos empregados polos horarios e quendas quedou de manifesto na decisión de recorrer ao Xulgado na defensa dos seus dereitos.

É lamentable a completa descoordinación do calendario dos traballadores. Un exemplo é que en horas nas que coinciden traballadores das dúas quendas o Museo de Lugo está pechado. Non é o único asunto que reflicte a nefasta xestión dos Museos que se leva a cabo dende a Área de Cultura da Deputación.

Recentemente, unha vez máis, a falta de mantemento no Museo de Lugo por parte desta Área provocou que aparecesen goteiras.

Á vista do exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	22/23





Ten pensado corrixir o equipo de goberno provincial a súa xestión nos Museos Provinciais e escoitar, consensuar e atender as peticións dos empregados para mellorar o seu funcionamento?

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230131&punto=11>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Fecha y Hora	14/02/2023 13:12:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BY7RJHEJIL7BCWJOXIEPT4A	Página	23/23

